

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010162	CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	2º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de Ciencias da Natureza nun centro público de infantil e primaria, situado nunha zona urbana do concello de Narón con familias de clase media, na súa maioría. A práctica totalidade do alumnado vive preto do centro, polo que éste constitúe o seu entorno habitual. Este centro é de liña un, (agás en 4º de EP), é dicir, ten 10 unidades, sendo 3 delas de educación infantil e 7 unidades de educación primaria.

Trátase dun centro de xornada única, de 9:00 a 14:00 horas, atendendo a Orde do 29 de maio de 2008. As instalacións do centro cumpren cos requisitos mínimos establecidos no Real Decreto 132/2010, do 12 de Febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros nos que se imparten ensinanzas do segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. A escola conta con dous edificios de dúas plantas, un para Infantil e outro para Primaria, así como cunha zona de recreo, na que está presente un invernadoiro e un pavillón.

O grupo obxecto desta programación confórmano 24 estudantes, en concreto, 14 nenos e 10 nenas, os cales se atopan no segundo curso da etapa, polo que contan con sete anos de idade, aproximadamente. A súa lingua materna é o castelán e cabe destacar a heteroxeneidade do grupo, onde atopamos capacidades, necesidades e ritmos moi diversos de aprendizaxe.

A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser os ecosistemas de praia, monte, lagoas, zonas verdes..., así como as instalacións do mesmo, como é o caso da horta escolar.

Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia, tal como se especifica no Decreto 155/2022, do 15 de Setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

BLOQUE 1: "Cultura Científica".

BLOQUE 2: "A vida no noso planeta".

BLOQUE 3: "Materias, forzas e enerxía".

BLOQUE 4: "Tecnoloxía e dixitalización".

Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía; o respecto cara aos seres vivos e a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, así como o funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, tal e como se especifica no punto 3.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	COÑECES O TEU CORPO?	Nesta primeira unidade didáctica ímonos centrar no propio corpo, identificando as tres grandes partes que o compoñen (cabeza, tronco e extremidades), así como os elementos que conforman cada unha desas partes; coñecendo e experimentando cos órganos dos sentidos, como elemento que nos permite relacionarnos coa nosa contorna, ao mesmo tempo que distinguimos entre ósos, músculos e articulacións, coñecendo os máis importantes do noso corpo.	17	18	X		
2	UNHA VIDA SAUDABLE	Nesta segunda unidade didáctica entraremos de cheo no tema da saúde e a	17	18	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	UNHA VIDA SAUDABLE	súa importancia, abordando tanto hábitos saudables relacionados co benestar físico (hixiene, alimentación equilibrada, exercicio, descanso, coidado do corpo) como co benestar emocional e social (identificación e verbalización das propias emocións e recoñecemento e respecto polas emocións dos demais).	17	18	X		
3	OS PULMÓNS DO PLANETA	Nesta terceira unidade didáctica abordaremos o tema das plantas, recoñecendoas como seres vivos que nacen, medran, reproducense e morren. Coñeceremos os diferentes tipos de plantas, as súas partes principais, así como as necesidades básicas que debemos cubrir para contribuir ao seu coidado e, por tanto, a preservación da natureza, recoñecendoa como un ben común.	17	17		X	
4	ANIMALEA	Nesta cuarta unidade didáctica ímonos centrar nos seres vivos que nos quedan por tratar; os animais, coñecendo as diferentes categorías que nos permiten identificar e clasificar cada un deles: tipo de alimentación, presenza ou non de esqueleto interno, nacemento, recubrimento do seu corpo...	17	18		X	
5	DE QUE ESTÁ FEITO?	Nesta quinta unidade didáctica o alumnado achegarase ao mundo da materia e dos materiais, coñecendo as súas propiedades principais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e a súa orixe. Ademais experimentarase coas sustancias puras e as mesturas, para coñecer de primeira man as súas características, así como coa luz e o son como formas de enerxía presentes na vida cotiá.	16	17			X
6	SOMOS INVENTORES	Nesta última unidade didáctica observarase as máquinas e aparellos do entorno do alumnado para coñecer os seus compoñentes básicos. facendo así especial fincapé tamén nas principais normas de seguridade que debemos ter en conta para evitar posibles accidentes tanto no ámbito doméstico como no ámbito escolar. Do mesmo xeito, incidiremos na importancia da reciclaxe, coñecendo os principais colectores que temos o noso arredor, facendo así un uso responsable dos materiais, poñendo en práctica as 3 R (reducir, reutilizar e reciclar).	16	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	COÑECES O TEU CORPO?	18

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Identificar as tres grandes partes en que se divide o corpo, e coñecer os principais ósos, músculos e articulacións.	PE	40
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	60
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas coa axuda dun guión.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Explicar o resultado do seu proxecto coa axuda dun guión.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Recoñecemento dos cambios do corpo a través do tempo. As etapas da vida. - Observación, identificación e función das principais partes do corpo. Ósos, articulacións e músculos. - Introducción das funcións de relación, reprodución e nutrición como funcións vitais. Principais órganos implicados. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación. - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
2	UNHA VIDA SAUDABLE	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñecer os principais hábitos de vida saudables.	PE	40
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	60
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de forma guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas, coa axuda dun guión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, identificando as emocións propias e as dos demais.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Explicar o resultado do seu proxecto coa axuda dun guión.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Participar na resolución de problema sinxelos, con axuda, utilizando o pensamento computacional.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. - Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación.

Contidos
- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa... - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
3	OS PULMÓNS DO PLANETA	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as plantas como seres vivos, sinalando as súas partes principais, sendo quen de clasificalas atendendo as súas características.	PE	40
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	60
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Realizar programacións a partir de aplicacións sinxelas.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.
- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.
- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.
- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.
- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- As adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, concibido como o lugar no que cobren as súas necesidades.
- Observación dun animal ou dunha planta, no seu medio natural ou reproducindo o medio no centro educativo.
- Clasificación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.
- Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna na que viven, evitando a degradación do chan, do aire ou da auga.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe
- Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación.
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
4	ANIMALEA	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer os animais como seres vivos, distinguindo entre invertebrados e vertebrados, clasificando estes últimos no subgrupo ao que pertencen, identificando algunha das súas principais características.	PE	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	60
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Explicar o resultado do seu proxecto coa axuda dun guión.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programacións a partir de aplicacións sinxelas.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - As adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, concibido como o lugar no que cobren as súas necesidades. - Observación dun animal ou dunha planta, no seu medio natural ou reproducindo o medio no centro educativo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Clasificación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación. - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...). - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
5	DE QUE ESTÁ FEITO?	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as propiedades e características da materia e materiais de uso cotián.	PE	40
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	60
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza.		
CA3.2 - Recoñecer a través de pequenas investigacións o comportamento da luz e do son ante diferentes corpos.	Recoñecer o comportamento da luz e do son na vida cotiá.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Explicar o resultado do seu proxecto con axuda dun guión.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna na que viven, evitando a degradación do chan, do aire ou da auga. - Identificación da materia e das súas propiedades. - Propiedades observables dos materiais, a súa orixe e o seu uso en obxectos da vida cotiá de acordo coas necesidades de deseño para os que foron fabricados. - As substancias puras e as mesturas: distinguir e separar mesturas heteroxéneas mediante distintos medios a través da experimentación. - A luz e o son como formas de enerxía presentes na vida cotiá. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación. - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
6	SOMOS INVENTORES	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Recoñecer os diferentes tipos de colectores, clasificando obxectos de uso diario na cor correspondente.	PE	30
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	70
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA3.3 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Experimentar e analizar o efecto das forzas sobre obxectos de uso común.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un produto sinxelo, relacionado coa vida cotiá, a partir de materiais de refugallo.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Explicar o resultado do seu proxecto coa axuda dun guión.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programacións a partir de aplicacións sinxelas.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.

Contidos

- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.
- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.
- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.
- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Observación e identificación de máquinas e aparellos da súa contorna.
- Estructuras resistentes, estables e útiles. Experimentación e observación dos efectos das forzas sobre estruturas construídas con materiais de uso común na aula.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe
- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.
- Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación.
- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...).
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na educación primaria poñerase especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan axiña como se detecte calquera destas situacións. A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar os contidos das diferentes materias curriculares ademais de abordar os distintos elementos transversais.

Para acadar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

1. A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e motivación pola aprendizaxe.
2. Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo.
3. Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.
4. Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios

tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais. Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Ademais, o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.
- As explicacións irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais, creando así cadernos interactivos.
- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo aplicando rutinas de pensamento a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais e o corpo humano, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.
- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (A pelota, Terra Azul, A caixa do correo,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Lectura compartida, Parada 3 minutos, Lapis ao centro, Folio xiratorio...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais.
Recursos materiais.
Recursos tecnolóxicos.
Recursos dixitais.
Recursos espaciais.

1. Recursos persoais: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son a titora, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.
2. Recursos materiais: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas, recursos de creación propia...), plastilina e outras pastas para modelar, material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio...), poleas, balanzas, maquetas, despregables, pósters, láminas...
3. Recursos tecnolóxicos: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, gafas e materiais de realidade virtual...
4. Recursos dixitais: aula virtual, páxinas web, apps educativas, vídeos, actividades con realidade aumentada, códigos QR, kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.
5. Recursos espaciais: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, a horta escolar, así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Seguindo o artigo 20 da Orden do 26 de mayo de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, de 15 de setembro, que establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e regula a avaliación nesta etapa educativa, o equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras semanas lectivas do curso académico, así como outra información relevante dispoñible, co fin de axustar as ensinanzas de cada área ao alumnado, facilitando unha progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión, adoptaránse, de forma coordinada, as medidas de reforzo, apoio ou recuperación que se consideren oportunas para cada alumno/a, así como as relacionadas co axuste no desenvolvemento do currículo. En ningún caso, esta avaliación inicial implicará unha calificación para o alumnado.

Esta avaliación levarase a cabo mediante:

1. Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
2. Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...
3. Avaliación das competencias e contidos a través de actividades tipo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	16	16	100
Proba escrita	40	40	40	40	40	30	38
Táboa de indicadores	60	60	60	60	60	70	62

Criterios de cualificación:

A avaliación do alumnado será global, continua, formativa e terá en conta o grado de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou alumno non sexa o axeitado, estableceráanse medidas de reforzo en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.

É importante destacar o uso xeralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e ada

Os resultados da avaliación expresaranse empregando os termos IN (calificacións negativas) e SU, BE, NT ou SB (calificacións positivas). A estes termos, engadiremos, con carácter informativo, unha calificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala do 1 ao 10.

-Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

-Suficiente: 5

-Ben: 6

-Notable: 7,8

-Sobresaínte: 9, 10.

Criterios de recuperación:

Seguindo o artigo 17 da ORDE do 26 de maio do 2023, pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, que establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e regula a avaliación nesta etapa educativa, a avaliación constitúe unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de

E/A do alumnado, tanto no ámbito individual coma no colectivo. Por tanto, se en calquera momento do curso, como consecuencia desa avaliación continua, detéctase que o progreso dunha alumna ou alumno non é o idóneo, estableceranse as medidas máis axeitadas para garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles que lles permitan continuar o seu proceso educativo.

Ao finalizar o curso de segundo, o equipo docente adoptará a decisión sobre a promoción ou non de cada alumno e alumna. Aqueles que promocionen con calificación negativa nalgunha materia recibirán os apoios necesarios que lle permitan recuperar as aprendizaxes non acadadas no curso anterior. En cambio, o alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Dita permanencia considérase unha medida de carácter excepcional que se tomará si, unha vez aplicadas as medidas comúns suficientes, axeitadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis axeitada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente elaborará, baixo a coordinación da titora, un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou alumno, poida acadar o grado de adquisición das competencias clave correspondentes.

Para a elaboración e seguimento de dito plan específico de reforzo seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é unha característica intrínseca dos grupos humanos, xa que cada persoa sente, pensa e actúa de maneira diferente. Isto vai ligado ás diferencias nas capacidades, necesidades, intereses, condicións familiares, culturais... Ademais, esta diversidade afecta ao ámbito educativo, onde atopamos a alumnado que, a pesar de estar no mesmo nivel, é totalmente diferente entre sí. Por iso a atención á diversidade convértese nun principio fundamental da ensinanza básica, tal e como se recolle nos artigos 1 e 4 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, que modifica á Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE). A atención á diversidade no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve, defínese como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a reposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias cabe destacar as seguintes:

1. Adecuación da estrutura, organización e xestión da aula ás características do alumnado.
2. Emprego de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais e certos proxectos de traballo.
3. Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
4. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

No caso de ter alumnado que precise outro tipo de medidas, por resultar insuficientes as anteriores, manteremos un contacto máis pormenorizado co Departamento de Orientación para a súa valoración, organización dos apoios requiridos e seguimento da súa evolución. Así, levaranse a cabo os apoios, fóra ou dentro da aula, por parte do profesorado especialista en PT e AL do centro que se consideren necesarios para abordar estas dificultades. Nos casos xa diagnosticados intentarase continuar coas medidas de atención á diversidade iniciadas no curso anterior sempre que sexa necesario. Ademais se colaborará con entidades externas en caso de que o alumnado asista a elas, intentando manter unha comunicación fluida e levar a cabo un traballo conxunto co fin de prestarlle o maior apoio posible a ese alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.2 - Competencia dixital e comunicación audiovisual.		X		X		X
ET.3 - Creatividade.		X		X		X
ET.4 - Igualdade entre persoas, evitando calquera tipo de discriminación.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a saúde, consumo responsable.	X	X				X
ET.7 - Acción titorial e educación emocional.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Democracia e respecto polos dereitos humanos.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Samaín	1º Trimestre	X		
Magosto	1º Trimestre	X		
Cine	1º Trimestre	X		
Nadal e actividades coa familia	1º Trimestre	X		
Día da Paz	2º Trimestre		X	
Día de Rosalía	2º Trimestre		X	
Entroido	2º Trimestre		X	
Plantación no invernadoiro	3º Trimestre			X
Os maios	3º Trimestre			X
Feira de proxectos	3º Trimestre			X
Festa da auga	3º Trimestre			X
Excursión final de curso	3º Trimestre			X

Observacións:

Estas actividades están suxeitas a posibles modificacións e, tamén, a outras posibles actividades que vaian xurdindo ao longo do curso e que sexan interesantes para o desenvolvemento dos contidos do mesmo. Estas modificacións serán relacionadas na memoria final de curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos...) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axeitada.
Metodoloxía empregada
Consegiuse a participación activa da maioría do alumnado.
Empregáronse instrumentos e procedementos de avaliación variados e axeitados, tendo en conta os diferentes aspectos a valorar.
Permitiuse a elaboración conxunta das normas básicas de funcionamento da aula.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos seleccionados foron axeitados para levar a cabo un correcto desenvolvemento das actividades propostas.
Os recursos foron diversos, variados e adaptados as características e estilos de aprendizaxe do alumnado.
Empregáronse de forma eficaz as TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Tivéronse en conta as características propias do grupo á hora de planificar os espazos, tempos e agrupamentos.
Modificouse a planificación ao longo do curso, atendendo á flexibilidade, en función da vida cotiá do centro e da aula.
Clima de traballo na aula
Mantívose a motivación, interese e curiosidade do alumnado coas propostas e dinámicas levadas a cabo na aula.
Mantívose un clima de aula relaxado onde o alumnado síntese seguro, tranquilo e con confianza.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Usáronse diferentes vías de comunicación coas familias.
Fomentouse a implicación e participación das familias na vida da escola e no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as.
As familias foron debidamente informadas sobre o proceso de avaliación, criterios de calificación e promoción.
Acadouse unha boa coordinación e unha comunicación frecuente, sistemática e fluida co resto do profesorado que imparte docencia no grupo aula.

Descrición:

Estes aspectos permitirán avaliar o proceso de ensino e a práctica docente non só ao finalizar o curso, senón durante o mesmo (unha vez por trimestre ou máis, se se considera oportuno), para facer os axustes e as propostas de mellora necesarias. Algo que permitirá analizar e valorar a intervención educativa que ten lugar na aula para adaptala as características e necesidades do alumnado e así mellorar a calidade da educación proporciónada. Polo tanto, teranse en conta para realizar o seguimento das programacións didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Durante as sesións de avaliación serán avaliados os procesos de ensino e a práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos das áreas e da etapa e co desenvolvemento das competencias clave para, se é preciso, aplicar as medidas correctoras pertinentes. Esta avaliación tal e como queda recollido na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa incluírá os seguintes aspectos:

- a) A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.
- b) A metodoloxía empregada.
- c) A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.
- d) As medidas de atención á diversidade.
- e) O clima de traballo na aula.
- f) A coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.

Así, nas sesións de avaliación a mestra titora analizará co resto do profesorado do grupo-clase, aqueles aspectos nos que é necesario unha variación e levantará a correspondente acta na que se recollerán as decisións e os acordos acadados con respecto á práctica docente e as propostas de mellora oportunas.

Deste xeito, iremos observando en que medida se vai cumprindo a programación, que aspectos da mesma poderemos mellorar e cales deberemos potenciar por resultar favorables para a evolución do alumnado. E así desas conclusións poderase determinar a avaliación e modificación de diversos aspectos da Programación Didáctica, especialmente todos os referidos á temporalización, a metodoloxía e os instrumentos e procedementos de avaliación, por ser os máis facilmente axustables e os que máis afectan a unha favorable evolución do alumnado. Finalmente farase unha avaliación final da PD, cuxas conclusións se incorporarán na memoria final de nivel e se trasladarán á memoria do centro, sendo a base referencial para a elaboración de futuras PD.

Por tanto, en función dos resultados desta avaliación continua da PD estableceranse as posibles propostas de mellora que, a continuación, se relacionan:

- a) Modificación parcial de aspectos referentes á temporalización e inmersión de reforzos educativos.
- b) Modificación significativa da programación segundo as conclusións derivadas das análises específicas das xuntas de avaliación. Estas modificacións afectarán a aspectos significativos da programación e terán sempre información da Xefatura de Estudos e conclusión redactada en xunta de avaliación, así como transmisión ás familias.
- c) Modificación moi significativa de programación por ampliación ou redución segundo diversas circunstancias de salientable impacto educativo. Esta modificación determinará un axuste concreto dos elementos clave da programación, con aprobación da Inspección e traslado a toda a Comunidade Educativa.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010162	CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	2º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	17

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de Ciencias Sociais nun centro público de infantil e primaria, situado nunha zona urbana do concello de Narón con familias de clase media, na súa maioría. A práctica totalidade do alumnado vive preto do centro, polo que éste constitúe o seu entorno habitual. Este centro é de liña un, (agás en 4º de EP), é dicir, ten 10 unidades, sendo 3 delas de educación infantil e 7 unidades de educación primaria.

Trátase dun centro de xornada única, de 9:00 a 14:00 horas, atendendo a Orde do 29 de maio de 2008. As instalacións do centro cumpren cos requisitos mínimos establecidos no Real Decreto 132/2010, do 12 de Febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros nos que se imparten ensinanzas do segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. A escola conta con dous edificios de dúas plantas, un para Infantil e outro para Primaria, así como cunha zona de recreo, na que está presente un invernadoiro e un pavillón.

O grupo obxecto desta programación confórmano 24 estudantes, en concreto, 14 nenos e 10 nenas, os cales se atopan no segundo curso da etapa, polo que contan con sete anos de idade, aproximadamente. A súa lingua materna é o castelán e cabe destacar a heteroxeneidade do grupo, onde atopamos capacidades, necesidades e ritmos moi diversos de aprendizaxe.

Todo isto nos leva a traballar de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia, tal como se especifica no Decreto 155/2022, do 15 de Setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

BLOQUE 1: "Ciencia e tecnoloxía".

BLOQUE 2: "O mundo e o desenvolvemento sostible".

BLOQUE 3: "Vivir en sociedade".

BLOQUE 4: "Leccións do pasado".

Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas coa responsabilidade ecosocial (conservación, mellora e uso sostible dos bens comúns), o Universo, en xeral, e a Terra e os seus movementos, en particular, sendo consciente das súas consecuencias tanto na vida cotiá como no entorno; os fenómenos atmosféricos; o aire e a contaminación. Ademais, tomará conciencia do que supón un exercicio activo do papel que as persoas temos como cidadás da localidade na que vivimos, así como as normas básicas de seguridade vial, tanto se somos usuarios dun vehículo ou peatóns. Por outra banda, reflexionaremos sobre o cambio e a continuidade de certos obxectos da vida cotiá ao longo dos anos, e nos adentraremos nas liñas do tempo, así como no coñecemento das diferentes xeracións da súa familia, grazas ás árbores xenealóxicas.

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, tal e como se especifica no punto 3.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Obxectivo: A Terra.	Nesta 1ª UD faremos unha viaxe polo universo a través das estrelas, planetas e satélites máis importantes. Profundizaremos no noso planeta Terra, descubriendo que nunca para de moverse o que fai que teñamos días e noites e que, cada certo tempo, cambiemos de estación. Falaremos dos fenómenos atmosféricos e dos principais cambios que se producen ao longo desas catro estacións. Por último, coñeceremos as principais formas de representar o noso planeta; é dicir, os globos terráqueos e os mapas.	17	12	X		
2	O tempo pasa.	Nesta 2ª UD trataremos os principais instrumentos que empregamos no noso día a día para medir o tempo: o reloxo e o calendario, aprendendo a manexar ambos. Do mesmo xeito analizaremos o paso do tempo, a través de imaxes deles mesmos e da súa familia, por un lado; e de diferentes obxectos de uso cotiá, polo outro, establecendo similitudes e diferenzas entre o pasado e o presente.	16	11	X		
3	E ti, que prefires?	Nesta 3ª UD coñeceremos como no mundo que nos arrodea hai paisaxes de costa e paisaxes de interior; as principais formas que adopta o terreo en cada unha delas, así como os diferentes elementos, tanto naturais como construídos, que pode haber.	17	12		X	
4	Cada gota conta.	Nesta 4ª UD abordaremos a importancia que a auga ten para a vida do planeta e para todos os seres vivos que formamos parte del. Coñeceremos os tres estados nos que se pode presentar, así como a maneira en que podemos pasala dun estado a outro. Así, enlazaremos estes contidos co percorrido que realiza a auga na natureza, o chamado ciclo da auga, distinguindo entre aquelas zonas nas que a auga é salgada, daquelas outras nas que é doce.	17	12		X	
5	Onde vives?	Nesta penúltima UD achegarémonos a localidade na que reside o noso alumnado para tomala como punto de partida e referencia para falar dos tres tipos de localidades: aldeas, vilas e cidades, sinalando as principais diferenzas existentes entre cada unha delas. Coñeceremos a nosa alcaldesa e saberemos como se goberna o noso concello, así como os dereitos e deberes máis importantes que temos que cumprir	17	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Onde vives?	como cidadáns e cidadás.	17	12			X
6	De maior quero ser...	Nesta última UD trataremos os contidos relacionados cos diferentes sectores económicos e as profesións desde unha perspectiva de xénero, partindo daquelas que xa coñecen por estar relacionadas con algún dos membros da súa familia máis directa.	16	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Obxectivo: A Terra.	12

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Coñece as principais estrelas, satélites e planetas do Sistema Solar, explicando algunhas das súas características máis importantes e relacionando cada un deles con aspectos como o día e a noite ou as diferentes estacións.	PE	40
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Utiliza recursos dixitais sinxelos para elaborar certas actividades do contexto educativo.	TI	60
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establece acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Coñece as diferentes fases da Lúa así como algunha das constelacións máis importantes, por medio da observación e da experimentación con materiais de carácter manipulativo.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Identifica estilos de vida sustentables, recoñecendo a relación directa entre a acción das persoas e as consecuencias e repercusión sobre os elementos e recursos do medio natural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet. - A Terra no universo. Elementos, movementos e dinámicas relacionados coa Terra e o universo e as súas consecuencias na vida diaria e na contorna. Secuencias temporais e cambios estacionais. - Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación. - Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima.

UD	Título da UD	Duración
2	O tempo pasa.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Coñece e ordena correctamente os doce meses do ano, sendo capaz de manexar o calendario para realizar diferentes actividades sinxelas.	PE	40
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Amosa curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.	TI	60
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Busca información sinxela de diferentes fontes, seguras e fiables, de forma guiada.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Amosa actitudes de respecto ante o patrimonio cultural, recoñecéndoo como un ben común.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Elabora un mural con imaxes e pequenas oracións establecendo similitudes e diferenzas entre obxectos e situacións cotiás do pasado e do presente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias. - O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Toma de conciencia do paso do tempo ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna. - As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación.

Contidos
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
3	E ti, que prefires?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Diferencia entre paisaxes de interior e paisaxes de costa, recoñecendo e explicando as principais formas do relevo que podemos atopar en cada unha delas.	PE	40
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utiliza recursos dixitais sinxelos para elaborar certas actividades do contexto educativo.	TI	60
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Busca información sinxela de diferentes fontes, seguras e fiables, de forma guiada.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Identifica estilos de vida sustentables, recoñecendo a relación directa entre a acción das persoas e as consecuencias e repercusión sobre os elementos e recursos do medio natural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns.

UD	Título da UD	Duración
4	Cada gota conta.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Toma conciencia da importancia da auga na vida do planeta e dos seres vivos, identificando os tres estados nos que ésta se pode presentar e representando o percorrido que esta sigue no seu ciclo.	PE	40
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa en experimentos guiados e pautados, empregando de forma segura instrumentos sinxelos e rexistrando as principais observacións.	TI	60
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establece acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Identifica as principais conductas e acción que podemos levar a cabo para garantir un uso responsable da auga, como ben común e escaso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación. - Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns. - Hábitos de vida sustentable. O aire como elemento imprescindible para a vida. A contaminación atmosférica

UD	Título da UD	Duración
5	Onde vives?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Identifica diferentes tipos de profesións, amosando unha actitude que fomente a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.	PE	70
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identifica institucións próximas da localidade, coñecendo o seu funcionamento e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñece as normas básicas que debemos cumprir como peóns e como usuarios dos medios de locomoción, identificando as principais sinais de tráfico, co fin de garantir unha mobilidade segura.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establece acordos de forma dialogada respectando aos demais.	TI	30
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Amosa curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recole información sobre persoas e manifestacións culturais importantes da contorna próxima.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura de paz e non violencia. - A localidade e o seu goberno. O concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais? - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas básicas nos desprazamentos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero. - Medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou mercadorías.

UD	Título da UD	Duración
6	De maior quero ser...	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Busca información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establece acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Identifica diferentes tipos de profesións, amosando unha actitude que fomente a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan. - Igualdade de xénero e conduta non sexista.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na educación primaria poñeráse especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan axiña como se detecte calquera destas situacións.

A metodoloxía didáctica a seguir, segundo o artigo 16 do Decreto 155/2022, do 15 de Setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

Falamos así dunha metodoloxía que será de tipo participativo e cooperativo e que baseada en proxectos que irán paralelos á utilización do caderno interactivo e outros recursos como as actividades dixitais, o traballo de investigación ou a experimentación directa.

Neste curso ademais, vaise desenvolver un proxecto de investigación común a todo o centro: "As sete belas artes do Mundo", na procura dun traballo colaborativo no que participen tódolos cursos co fin de mellorar a calidade educativa. Polo que en xeral, a metodoloxía será de tipo lúdico e práctico, intercalando actividades individuais e grupais e fomentarse, sempre que sexa posible, a colaboración coas familias. É importante o traballo individual pero tamén o colectivo, onde os nenos/as aprendan a compartir as ideas, respectar as opinións dos demais e a colaborar. O uso das TIC é un elemento que nos permitirá favorecer a construción de aprendizaxes.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que suscitan:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas que favorecen a comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes, conectando coa adquisición das competencias.
- Exercicios e actividades diversificadas.

- Traballo individual e en grupo, tarefas diversificadas e integradas. Todo secuenciado por niveis de dificultade, abordando a diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e favorecendo a adquisición de competencias para todos os alumnos.

Asemade, o grupo contará este curso coa sección bilingüe e recibirá as clases de Inglés e Plástica co apoio dun auxiliar de conversa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material audiovisual e informático da aula.
Códigos QR.
Actividades de realidade aumentada.
Recursos interactivos de creación propia usando aplicacións como CANVA, KAHOOT, WORDWALL, EDUCAPLAY...
Cadernos interactivos, despregabres, láminas...
Mapas, planos e globos terráqueos.
Material de creación propia relacionado con cada unha das unidades didácticas.
Xogos de mesa.
Maquetas, flipbooks e vídeos didácticos.

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten sempre a súa aprendizaxe. As ferramentas e materiais novedosos funcionan como eixe motivador na aprendizaxe do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Seguindo o artigo 20 da Orden do 26 de mayo de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, de 15 de setembro, que establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e regula a avaliación nesta etapa educativa, o equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras semanas lectivas do curso académico, así como outra información relevante dispoñible, co fin de axustar as ensinanzas de cada área ao alumnado, facilitando unha progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión, adoptaránse, de forma coordinada, as medidas de reforzo, apoio ou recuperación que se consideren oportunas para cada alumno/a, así como as relacionadas co axuste no desenvolvemento do currículo. En ningún caso, esta avaliación inicial implicará unha calificación para o alumnado.

Esta avaliación levarase a cabo mediante:

1. Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
2. Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...
3. Avaliación das competencias e contidos a través de actividades tipo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	16	17	17	17	16	100
Proba escrita	40	40	40	40	70	0	39
Táboa de indicadores	60	60	60	60	30	100	61

Criterios de cualificación:

A avaliación do alumnado será global, continua, formativa e terá en conta o grado de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou alumno non sexa o axeitado, estableceráanse medidas de reforzo en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.

É importante destacar o uso xeralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados as distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado (diario de aula, escalas de observación, listas de cotexo, probas escritas e orais, exercicios, caderno de aula, xogos interactivos...)

Os resultados da avaliación expresaranse empregando os termos IN (calificacións negativas) e SU, BE, NT ou SB (calificacións positivas). A estos termos, engadiremos, con carácter informativo, unha calificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala do 1 ao 10.

-Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

-Suficiente: 5

-Ben: 6

-Notable: 7,8

-Sobresaínte: 9, 10.

Criterios de recuperación:

Segundo o artigo 17 da ORDE do 26 de maio do 2023, pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, que establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e regula a avaliación nesta etapa educativa, a avaliación constitúe unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de E/A do alumnado, tanto no ámbito individual coma no colectivo. Por tanto, se en calquera momento do curso, como consecuencia desa avaliación continua, detéctase que o progreso dunha alumna ou alumno non é o idóneo, estableceráanse as medidas máis axeitadas para garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles que lles permitan continuar o seu proceso educativo.

Ao finalizar o curso de segundo, o equipo docente adoptará a decisión sobre a promoción ou non de cada alumno e alumna. Aqueles que promocionen con calificación negativa nalgunha materia recibirán os apoios necesarios que lle permitan recuperar as aprendizaxes non acadadas no curso anterior. En cambio, o alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Dita permanencia considérase unha medida de carácter excepcional que se tomará si, unha vez aplicadas as medidas comúns suficientes, axeitadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis axeitada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente elaborará, baixo a coordinación da titora, un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou alumno, poida acadar o grado de adquisición das competencias clave correspondentes.

Para a elaboración e seguimento de dito plan específico de reforzo seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é unha característica intrínseca dos grupos humanos, xa que cada persoa sente, pensa e actúa de maneira diferente. Isto vai ligado ás diferencias nas capacidades, necesidades, intereses, condicións familiares, culturais... Ademais, esta diversidade afecta ao ámbito educativo, onde atopamos a alumnado que, a pesar de estar no mesmo nivel, é totalmente diferente entre sí.

Por iso a atención á diversidade convértese nun principio fundamental da ensinanza básica, tal e como se recolle nos artigos 1 e 4 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, que modifica á Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE).

A atención á diversidade no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve, defínese como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a reposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. As medidas para atender á diversidade poden ser ordinarias ou extraordinarias, priorizando, sempre que sexa posible, as primeiras. Entre elas, podemos destacar as seguintes:

- Adecuación da estrutura, organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Emprego de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais e certos proxectos de traballo.
- Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

No caso de ter alumnado que precise outro tipo de medidas, por resultar insuficientes as anteriores, manteremos un contacto máis pormenorizado co Departamento de Orientación para a súa valoración, organización dos apoios requiridos e seguimento da súa evolución. Así, levaranse a cabo os apoios, fóra ou dentro da aula, por parte do profesorado especialista en PT e AL do centro que se consideren necesarios para abordar estas dificultades. Nos casos xa diagnosticados intentarase continuar coas medidas de atención á diversidade iniciadas no curso anterior sempre que sexa necesario. Ademais se colaborará con entidades externas en caso de que o alumnado asista a elas, intentando manter unha comunicación fluida e levar a cabo un traballo conxunto co fin de prestarlle o maior apoio posible a ese alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Competencia dixital e comunicación audiovisual.	X	X			X	X
ET.3 - Creatividade.	X	X				X
ET.4 - Igualdade entre persoas, evitando calquera tipo de discriminación.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a saúde, consumo responsable.	X	X		X		
ET.7 - Acción titorial e educación emocional.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.9 - Democracia e respecto polos dereitos humanos.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Samaín	1º Trimestre	X		
Magosto	1º Trimestre	X		
Cine	1º Trimestre	X		
Nadal e actividades coa familia	1º Trimestre	X		
Día da Paz	2º Trimestre		X	
Día de Rosalía	2º Trimestre		X	
Entroido	2º Trimestre		X	
Plantación no invernadoiro	3º Trimestre			X
Os maios	3º Trimestre			X
Feira de proxectos	3º Trimestre			X
Festa da auga	3º Trimestre			X
Excursión final de curso	3º Trimestre			X

Observacións:

Estas actividades están suxeitas a posibles modificacións e, tamén, a outras posibles actividades que vaian xurdindo ao longo do curso e que sexan interesantes para o desenvolvemento dos contidos do mesmo. Estas modificacións serán relacionadas na memoria final de curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos¿) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axeitada.

Metodoloxía empregada
Conseguíuse a participación activa da maioría do alumnado.
Empregáronse instrumentos e procedementos de avaliación variados e axeitados, tendo en conta os diferentes aspectos a valorar.
Permitíuse a elaboración conxunta das normas básicas de funcionamento da aula.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos seleccionados foron axeitados para levar a cabo un correcto desenvolvemento das actividades propostas.
Os recursos foron diversos, variados e adaptados as características e estilos de aprendizaxe do alumnado.
Empregáronse de forma eficaz as TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Tivéronse en conta as características propias do grupo á hora de planificar os espazos, tempos e agrupamentos.
Modificouse a planificación ao longo do curso, atendendo á flexibilidade, en función da vida cotiá do centro e da aula.
Clima de traballo na aula
Mantívose a motivación, interese e curiosidade do alumnado coas propostas e dinámicas levadas a cabo na aula.
Mantívose un clima de aula relaxado onde o alumnado síntese seguro, tranquilo e con confianza.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Usáronse diferentes vías de comunicación coas familias.
Fomentouse a implicación e participación das familias na vida da escola e no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as.
As familias foron debidamente informadas sobre o proceso de avaliación, criterios de calificación e promoción.
Acadouuse unha boa coordinación e unha comunicación frecuente, sistemática e fluida co resto do profesorado que imparte docencia no grupo aula.

Descrición:

Estes aspectos permitirán avaliar o proceso de ensino e a práctica docente non só ao finalizar o curso, senón durante o mesmo (unha vez por trimestre ou máis, se se considera oportuno), para facer os axustes e as propostas de mellora necesarias. Algo que permitirá analizar e valorar a intervención educativa que ten lugar na aula para adaptala as características e necesidades do alumnado e así mellorar a calidade da educación proporcionada. Polo tanto, teranse en conta para realizar o seguimento das programacións didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Durante as sesións de avaliación serán avaliados os procesos de ensino e a práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos das áreas e da etapa e co desenvolvemento das competencias clave para, se é preciso, aplicar as medidas correctoras pertinentes. Esta avaliación tal e como queda recollido na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa incluírá os seguintes aspectos:

- a) A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.
- b) A metodoloxía empregada.
- c) A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.
- d) As medidas de atención á diversidade.
- e) O clima de traballo na aula.
- f) A coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.

Así, nas sesión de avaliación a mestra titora analizará co resto do profesorado do grupo-clase, aqueles aspectos nos que é necesario unha variación e levantará a correspondente acta na que se recollerán as decisións e os acordos acadados con respecto á práctica docente e as propostas de mellora oportunas.

Deste xeito, iremos observando en que medida se vai cumprindo a programación, que aspectos da mesma poderemos mellorar e cales deberemos potenciar por resultar favorables para a evolución do alumnado. E así desas conclusións poderase determinar a avaliación e modificación de diversos aspectos da Programación Didáctica, especialmente todos os referidos á temporalización, a metodoloxía e os instrumentos e procedementos de avaliación, por ser os máis facilmente axustables e os que máis afectan a unha favorable evolución do alumnado. Finalmente farase unha avaliación final da PD, cuxas conclusións se incorporarán na memoria final de nivel e se trasladarán á memoria do centro, sendo a base referencial para a elaboración de futuras PD.

Por tanto, en función dos resultados desta avaliación continua da PD estableceranse as posibles propostas de mellora que, a continuación, se relacionan:

- a) Modificación parcial de aspectos referentes á temporalización e inmersión de reforzos educativos.
- b) Modificación significativa da programación segundo as conclusións derivadas das análises específicas das xuntas de avaliación. Estas modificacións afectarán a aspectos significativos da programación e terán sempre información da Xefatura de Estudos e conclusión redactada en xunta de avaliación, así como transmisión ás familias.
- c) Modificación moi significativa de programación por ampliación ou redución segundo diversas circunstancias de salientable impacto educativo. Esta modificación determinará un axuste concreto dos elementos clave da programación, con aprobación da Inspección e traslado a toda a Comunidade Educativa.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010162	CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	2º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	60
4.2. Materiais e recursos didácticos	61
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	63
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	64
6. Medidas de atención á diversidade	66
7.1. Concreción dos elementos transversais	67
7.2. Actividades complementarias	69
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	70
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	71
9. Outros apartados	72

1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada na Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para a mellora da calidade educativa concretada á súa vez no Decreto 155/2022, do 15 de setembro (DOG do 26/09/2022) polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, que desenvolve o R.D. 157/2022, do 1 de marzo de ensinanza mínimas de educación primaria aprobadas a nivel estatal: o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade do noso centro.

A Educación Física ten moito que dicir no novo currículo, a responsabilidade dos centros docentes de promover a práctica diaria de deporte e exercicio físicos por parte dos nenos/as durante a xornada escolar a través de medidas específicas incluídas no Proxecto Educativo. O anexo II do Decreto, recolle unhas orientacións metodolóxicas : ... facer dos nosos alumnos e alumnas suxeitos activos na xestión da súa saúde e na adquisición de hábitos de vida saudables? Tamén a Lei orgánica 8/2013, do 9 de setembro, para a Mellora da Calidade Educativa adica a disposición adicional cuarta á Promoción da actividade física e dieta equilibrada. Segundo estimacións da OMS xa en 2014, 41 millóns de nenos e nenas menores de 5 anos tiñan sobrepeso ou eran obesos, sen falar, dos problemas que isto acarreará nun futuro. Debería de haber unha Competencia Motriz xaiii

A Educación Física é fundamental para o desenvolvemento global da persoa, ao incidir no traballo das capacidade físicas, psíquicas e socio-afectivas dos alumno/as.

Un eficaz traballo en E.F e PSICOMOTRICIDADE inciden en aspectos da aprendizaxe cognitivo(mellorando as díficultade na lectoescritura, dislexia, pensamento operatorio, a concentración, o equilibrio, como manexar e canalizar as emocións, a capacidade de comunicarse e polo tanto a linguaxe...), tamén fomentará a toma de conciencia de hábitos saudables (alimentación, hixiene, adherencia á actividade física...) ademais de potenciar valores como: respecto, compañerismo, tolerancia... Detectar, prevenir e tratar eventuales casos de Transtornos de conducta Tdha, T.e.a afirmación como seres únicos y originales.

Nesta programación didáctica para a área de Educación Física está incluída a etapa educativa de Educación Física en Educación Primaria e Psicomotricidade en Educación Infantil, Está planificada para levar a cabo no Centro de Educación Infantil e Primaria Ponte de Xubia, no concello de Narón no curso 2023/2024.

O centro educativo ten 10 unidades, cun desdoble en 4º de primaria. O número de alumnos é: 4º Educación Infantil=18, 5º de E.I = 9, 6º de E.I = 15. En Educación Primaria 1º=16, 2º=24, 3º=23, 4ºA=13, 4ºB= 13, 5º=25 e en 6º=21.

Cada grupo ten 2 horas clase. O colexio dispón dunha pista polideportiva no exterior e un pavillón- ximnasio que neste curso volveremos a levar uns tenis para cambiarse.

O centro ten un horario de xornada continua, de 9:00h a 14:00h polas mañás de martes de 16:00h a 19:00h para atención a pais e nais e reunións do profesorado. Tamén ai actividades extraescolares polas tardes da Anpa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía axil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregárase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia. Nesta o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
- ligazóns de interese relacionadas coa materia
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Altosfalantes
Pinceis e témperas
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Imaxes de obras de diferentes artistas
Bloc de debuxo e cartolinas
Páxina web do centro: sección Aula de EPV/Aula Virtual
Estoxo
Pasta de modelaxe
Regra, escuadro e cartabón

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Realizarase unha proba durante as 4 primeiras sesións a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s que permitan establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	18	18	24	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 60% + UD4 40%
- 2º trim.: UD2 60% + UD4 40%
- 3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 30%
- 2º trim. 30%
- 3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal estiver entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal estiver entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

- Comunicación disto á familia, mediante a axenda do alumnado e/ou a través do Abalar, así como do xeito de como pode recuperar dita UD.

Ademais, se estes non foren acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final. Téñase en conta que, por un lado, na UD3 recóllense todos os CA das UD1 e UD2 e, por outro lado, a UD4 trabállase en todos os trimestres.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, eiquí numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decorar os corredores trimestralmente	Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.	X	X	X
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...	X	X	X
Exposición con invitación ás familias	No 3º trimestre participaremos na Feira de Proxectos do PDI do centro.			X
Colaboración no Xornal do Centro	No 3º trimestre colabórase elixindo un dos traballos grupais realizados durante o curso para editar no xornal.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Outros
Máis do 80% do alumnado superou a materia.

Descrición:

Farase unha reflexión permanente sobre a práctica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15010162	CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	2º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	33
4.2. Materiais e recursos didácticos	35
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	35
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	36
6. Medidas de atención á diversidade	37
7.1. Concreción dos elementos transversais	37
7.2. Actividades complementarias	38
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	39
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	40
9. Outros apartados	41

1. Introducción

A presente programación didáctica corresponde ao 2º curso de Educación Primaria para o ano académico 2023/2024 para a área de lingua castelá e literatura.

A ensinanza da lingua castelá e literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Asemade, a aprendizaxe desta área non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso en construción e baseado na reflexión e na análise acompañada, cuxo fin último é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz. Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en seis bloques temáticos:

Bloque 1: A lingua e os seus falantes

Bloque 2: Comunicación oral

Bloque 3: Comunicación escrita

Bloque 4: Alfabetización mediática e informacional

Bloque 5: Educación literaria

Bloque 6: Reflexións sobre a lingua e os seus usos

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Antón Piñón: Una carrera muy marrón.	--Asamblea: normas básicas de interacción oral. --Biblioteca de aula. --Linguaxe non discriminatorio. --Normas básicas de convivencia.	12	16	X		
2	Sopa de calabaza.	--Asamblea: normas básicas de interacción oral. --Biblioteca de aula. --Linguaxe non discriminatorio. --Biblioteca de centro. --Trabalinguas. --Uso do son /K/. --O abecedario: ordenación de palabras.	11	16	X		
3	Animales muy normales.	--Asamblea: normas básicas de interacción oral. --Biblioteca de aula. --Linguaxe non discriminatorio. --Biblioteca de centro. --O substantivo como categoría gramatical: substantivos comúns e propios. --A maiúscula. --As lendas.	11	15	X		
4	Postman.	--Asamblea: normas básicas de interacción oral. --Biblioteca de aula. --Linguaxe non discriminatorio. --Biblioteca de centro. --A carta. --Uso do son /Z/. --Xénero e número dos substantivos. --As fábulas.	11	15		X	
5	La gran fábrica de las palabras.	--Asamblea: normas básicas de interacción oral. --Biblioteca de aula. --Linguaxe non discriminatorio. --Biblioteca de centro. --Uso da R forte e da R suave. --Frases e oracións. --Construcción de oracións. --Os pareados.	11	16		X	
6	¿Quieres conocerme?	--Asamblea: normas básicas de interacción oral. --Biblioteca de aula. --Linguaxe non discriminatorio. --Biblioteca de centro. --A noticia. --Uso de M antes de P e B. --Frases interrogativas e exclamativas. --Sinónimos e antónimos.	11	16		X	
7	El mundo al revés	--Asamblea: normas básicas de interacción oral.	11	16			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	El mundo al revés	--Biblioteca de aula. --Linguaxe non discriminatorio. --Biblioteca de centro. --A descripción. --O adxectivo. --Uso de G e J. --Aumentativos e diminutivos.	11	16			X
8	Hasta el infinito y más allá.	--Asamblea: normas básicas de interacción oral. --Biblioteca de aula. --Linguaxe non discriminatorio. --Biblioteca de centro. --O verbo e as súas conxugacións. --Pasado, presente e futuro. --Uso da H nas palabras que empezan por HIE e HUE. --As instrucións.	11	15			X
9	Busca pistas.	--Asamblea: normas básicas de interacción oral. --Biblioteca de aula. --Linguaxe non discriminatorio. --Biblioteca de centro. --Suxeito e predicado. --As sílabas: monosílabas, bisílabas, trisílabas e polisílabas. --Sílaba tónica. --Os anuncios publicitarios.	11	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Antón Piñón: Una carrera muy marrón.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluídas unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das propias ideas e emocións.	TI	100
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Fai predicións sobre o tema principal a partir do título, ilustracións dun texto e palabras clave.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e gozo persoal.	Valora os diferentes tipos de contos como fonte de lecer e gozo persoal.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autoras.		
CA5.7 - Interpretar obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndolas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Interpreta pequenos contos traballados na aula.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Progesa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación da información xeral do texto. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado

Contidos

- ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero
- Procesos: produción oral
- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.
- Xéneros discursivos
- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía.
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura.
- Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal.
- Creación e dramatización de breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, coidando a limpeza e a presentación.
- Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais).
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
2	Sopa de calabaza.	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Coñece as normas ortográficas que rexen o uso do son /K/, aplicándoas correctamente nas súas produccions escritas.	PE	30
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Coñece o alfabeto e iniciase na ordenación de palabras.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluídas unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das propias ideas e emocións.		
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística da lingua na súa contorna.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece persoas que falan en galego a partir da observación da contorna.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce de memoria textos breves próximos aos seus gustos e intereses.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía.	TI	70
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iníciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura da información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autoras.		
CA5.7 - Interpretar obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndolas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Interpreta pequenos contos traballados na aula.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Progresa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación da información xeral do texto. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero - Procesos: produción oral - Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos. - Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas. - Xéneros discursivos - Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía. - Procesos: comprensión lectora - Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel. - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal. - Procesos: produción escrita

Contidos

- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a organización e a comprensión do texto.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de distintas fontes.
- Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
3	Animales muy normales.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Recoñece o sustantivo como categoría gramatical, distinguindo entre sustantivos comúns e propios.	PE	40
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Coñece as normas básicas no emprego da maiúscula, aplicándoas correctamente na escrita.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluídas unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das propias ideas e emocións.	TI	60
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Recoñece a diversidade lingüística na contorna escolar, familiar e social.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Utiliza unha linguaxe non discriminatoria.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Emprega unha linguaxe non sexista.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Utiliza unha linguaxe non discriminatoria.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Utiliza a biblioteca de aula e de centro de xeito guiado para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses, como fonte de lecer.		
CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e gozo persoal.	Valora os diferentes tipos de lendas como fonte de lecer e gozo persoal.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autoras.		
CA5.7 - Interpretar obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndolas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Interpreta pequenos contos traballados na aula.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Progresa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none">- Biografía lingüística persoal e da súa contorna.- Valoración da diversidade da lingua na súa contorna.- Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna.- A diversidade etnocultural e lingüística na contorna escolar, familiar e social.- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.- Uso dunha linguaxe non discriminatória, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.- Xéneros discursivos- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.- Procesos: interacción oral- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero- Procesos: comprensión oral- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.- Procesos: produción oral- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.- Procesos: comprensión lectora- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.- Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.- Procesos: produción escrita- Consolidación do sistema de lectoescritura.- Uso dunha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas.- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural. - Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
4	Postman.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Coñecer as normas ortográficas que rexen o uso do son /Z/, aplicándoas correctamente na escrita.	PE	30
CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e social adaptados á súa idade, mobilizando de maneira acompañada estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Recoñece o xénero e o número de substantivos de uso común, sendo quen de transformalos.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluídas unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das propias ideas e emocións.	TI	70
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Produce, con planificación acompañada e con cohesión e coherencia, textos sinxelos.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Le textos sinxelos, en voz alta, cunha velocidade axeitada, a súa idade, comprendendo o sentido global da información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos, valorando o contido e estrutura.	Emprega a rutina de pensamento (vexo, penso e me pregunto) para analizar o contido de textos escritos sinxelos.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Utiliza a biblioteca de aula e de centro de xeito guiado para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses, como fonte de lecer.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iníciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura da información.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	Constrúe a identidade lectora seleccionando textos do seu interese e de diversas fontes.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa en lecturas compartidas propostas dende a biblioteca de aula.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Le, de maneira acompañada, textos literarios sinxelos e variados, de diferentes autores e autoras.		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas lecturas compartidas planificadas dende a biblioteca, aportando algunha recomendación a mesma.		
CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e gozo persoal.	Valora os diferentes tipos de fábulas como fonte de lecer e gozo persoal.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca de aula.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autoras.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Escribe textos sinxelos con axuda de autoinstrucións.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa textos propios tendo como axuda as autoinstrucións traballadas.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Progresa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais, utilizando recursos non verbais básicos. - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero - Procesos: produción oral - Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos. - Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas. - Contexto - Estratexias para a coherencia textual. - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico). - Procesos: comprensión lectora - Lectura compartida con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel. - Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade. - Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Procesos: produción escrita - Consolidación do sistema de lectoescritura. - Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.

Contidos

- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Produción de textos sinxelos, con coherencia e coidado e caligrafía clara na presentación, relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de distintas fontes.
- Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
